

CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO  
OBRIGATORIO.

PRAZO: DENDE 30 DE NOVEMBRO Ó 29 DE XANEIRO.

So se aceptará **unha solicitude por unidade de convivencia**. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (só para solicitude presencial).
- b) Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Volante de empadramento familiar só para os solicitantes non empadroados en Vigo.
- d) Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2022-2023 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial.
- e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.
- f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co menor.
- g) Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (Esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

OS CERTIFICADOS DE MATRICULA (OS ENTREGARÁ O TUTOR A CADA ALUMNO). SÓ  
SERÁ VALIDO PARA A PRESENTACIÓN PRESENCIAL.

**Solicitude presencial:** Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da **URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino>** (premendo no botón **Tramitar presencialmente**) e posteriormente **presentalo no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo** xunto coa documentación esixida nas bases.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes **por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)**.